



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Lingua galega	Código	652G04036		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es		
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Introdución xeral á lingua galega: fonética e fonoloxía, morfosintaxe e léxico.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	A3 A31	B2 B4 B5 B7 B9 B17	C1 C7
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.	A3 A17		
Adquirir ou desenvolver habilidades comunicativas para a intervención.	A31	B8 B22	C6 C7
Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo.		B2 B7 B8 B9 B12 B17	C1 C4
Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.	A32	B2 B4 B5 B13 B22	C3 C6
Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.		B5 B7 B9 B22	C6



Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.		B2	C1
		B3	C4
		B8	
		B9	
		B23	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Módulo de Fonética e Fonoloxía	1.1. Vocalismo e consonantismo 1.2. Fonética sintáctica, acento e entoación
2. Módulo de Ortografía	2.1. Usos das letras 2.2. Acentuación, maiúsculas, abreviacións e constituíntes xuntos/separados 2.3. Puntuación
3. Módulo de Morfosintaxe	3.1. Categorias gramaticais: substantivo, adxectivo, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción 3.2. Estrutura sintáctica da oración
4. Módulo de Léxico-Semántica	4.1. Léxico xeral e léxico especializado. O léxico da Logopedia 4.2. Relacións semánticas e precisión léxico-semántica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A31 A17 B2 B3 B4 B7 B8 B12 B17 B22 B23 C1 C6	28.5	41	69.5
Solución de problemas	A32 B2 B4 B5 B9 B13 B24 C1 C3 C4 C7	0	30	30
Proba mixta	A3 B7 C1	0	10	10
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nas sesións de docencia expositiva (maxistras), levara a cabo a presentación teórico-práctica dos contidos fundamentais para comprender a materia e para poder realizar as diversas actividades propostas nas prácticas. Nas sesións de docencia interactiva, o alumnado realizará ACTIVIDADES PRÁCTICAS de diferente tipoloxía (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistras e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar a través do Campus Virtual da Universidade da Coruña nas datas marcadas.
Proba mixta	Exame práctico escrito en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Solución de problemas Obradoiro	Para alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización das prácticas presenciais e non presenciais.
------------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A32 B2 B4 B5 B9 B13 B24 C1 C3 C4 C7	As ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais suporán un 40 % sobre a cualificación final. Nestas prácticas de ampliación avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a corrección na análise e na expresión escrita. Entregaranse en papel nos prazos marcados. Para aprobar é preciso ter unha puntuación de 5 sobre 10 en cada actividade.	40
Proba mixta	A3 B7 C1	Na PROBA ESCRITA avaliarase a asimilación dos contidos aprendidos. As actividades do exame serán similares ás formuladas nas aulas. Para superar esta proba, que se realizará na data hora e lugar marcados nos horarios oficiais de exames do centro, a cualificación deberá ser de 5 puntos sobre 10.	30
Obradoiro	A31 A17 B2 B3 B4 B7 B8 B12 B17 B22 B23 C1 C6	As ACTIVIDADES PRÁCTICAS (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) realizadas ao longo do curso, xunto coa asistencia e participación, serán obxecto de avaliación nun 30 % sobre a cualificación total. Nestas actividades valorarase a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a capacidade de análise, a claridade e corrección na expresión oral e escrita, así como o traballo individual e en grupo.	30

#### Observacións avaliación



1. A CUALIFICACIÓN FINAL na 2.<sup>a</sup> OPORTUNIDADE rexeráse polas seguintes normas:

1.1. Quen suspender a materia na 1.<sup>a</sup> oportunidade por non obter 5 puntos, poderá recuperar na 2.<sup>a</sup> oportunidade todas as partes avaliábeis. No caso da PROBA MIXTA ESCRITA, deberá facer un novo exame escrito das mesmas características que o da 1.<sup>a</sup> oportunidade. No tocante ás ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais (de "Solución de problemas") que tiveren unha cualificación inferior a 5 puntos, poderá presentalas novamente, mentres que as ACTIVIDADES PRÁCTICAS presenciais que se realizaron na aula serán recuperadas con outras actividades substitutivas de características semellantes; neste último caso, as actividades suporán o 70 % da cualificación final. O número de actividades, xunto coas datas de entrega, indicárase tras finalizar o 2.<sup>o</sup> cuadrimestre.

## 2. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

2.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio de curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

## 3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO

3.1. En cada oportunidade de avaliación o/a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO (NP) se non se presentar á proba escrita e, ademais, se o número de actividades avaliábeis for inferior ao 50 %.

4. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO 4.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co docente da materia e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos) e unhas "Actividades prácticas" (5 puntos) que lle foren encomendadas. 5. OUTRAS OBSERVACIÓNS 5.1. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia será incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase -na medida do posíbel- bibliografía de persoas de diferentes identidades de xénero, propiciárase a intervención de alumnos e de alumnas na aula... Alén disto, serán fomentados os valores do respecto e da igualdade, e non serán aceptadas nin a reprodución de prexuízos nin as actitudes discriminatorias. Finalmente, se foren identificadas situacións de discriminación por razón de xénero, serán propostas accións e medidas concretas para corrixilas. 5.2. Calquera falta de honradez académica (copia, plaxio, utilización de material non orixinal ou ideas doutras autorías sen indicación expresa da súa procedencia etc.), tanto na realización de traballos como na proba mixta, será penalizada de acordo co estipulado nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" e no "Regulamento disciplinar do estudantado da Universidade da Coruña". Así, o/a estudante será cualificado/a con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se producir na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, modificarase a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se for necesario. Para detectar o plaxio ou o uso de intelixencia artificial nas actividades poderán empregarse aplicacións informáticas como Turnitin.

5.3. Para o resto de casos non contemplados nestas "Observacións" seguirase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). Manual de gramática galega. Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- Garayzábal, Elena (2006). Lingüística clínica y logopedia. Madrid: Machado Libros</li> <li>- González Rei, Begoña (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova</li> <li>- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco</li> <li>- López Viñas, Xoán / Lourenço Módia, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións</li> <li>- Martínez Celdrán, Eugenio (2002). Introducción á fonética. O son na comunicación humana. Vigo: Galaxia</li> <li>- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012). Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Universidade da Coruña</li> <li>- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: Universidade da Coruña</li> <li>Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2005): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. 23.<sup>a</sup> edición. En <a href="https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/252/248/152">https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/252/248/152</a>. Real Academia Galega (2012-): Dicionario da Real Academia Galega. En <a href="https://academia.gal/diccionario">https://academia.gal/diccionario</a>. Cfr. App para Android e iOS. Regueira, Xosé Luís (2010-): Dicionario de pronuncia da lingua galega. En <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a>.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Proporcionarase bibliografía complementaria e específica por temas.

### Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Sociolingüística/652G04044
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías